



**ASISTENTES C.I.**

**C.I.G.**

M<sup>a</sup> Jesús Losada Rodríguez  
Federico Fernández Fernández  
Cándido Pérez Betanzos  
Rodrigo Alberte Pivida  
Luis Pérez Gómez (**DS**)

**CC.OO.**

Victoria Alonso Crespo  
Manuel Velasco Graña  
Aser Fernández Rey

**U.G.T.**

Juan José Fernández Pérez

**AUSENTES C.I.**

**C.I.G.**

Carlos Mollinedo Lois (baixa )  
Antón García Fernández (vacac.)

**CC.OO.**

Carmen Serra Rodríguez (vacac.)

**UGT**

Arturo Casar Sarasola

**ASISTENTES CC.EE.**

Luis Olivares Requejo  
(ausentouse no 2º punto)  
Marisa Magaz Ledo

**DS**-Delegado/a sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Elaboración do plan de traballo para o próximo trimestre.
5. Retribucións: acordo MAP / sindicatos, produtividade ano 2003, complementos retributivos. Designar grupo de traballo do CI para esta área.
6. Convocatorias de oposicións pendentes.
7. Transporte por parte da universidade do persoal ó Campus Lagoas-Marcosende.
8. Elaboración RPT 2003/04. Designar grupo de traballo.
9. Posicionamento do CI con respecto o persoal que, contratado en prazas a extinguir, realizou funcións de categoría superior.
10. Definición dos ámbitos de traballo (p.e. conserxería de ciencias ou biblioteca de Teleco).
11. Problemas ambientais en Torrecedeira.
12. Rogos e preguntas.

1. Tras dar lectura á acta da reunión anterior, esta apróbase por unanimidade
2. O presidente da conta dos seguintes asuntos
  - Relación dos novos contratos asinados.
  - Cronoloxía do acontecido na selección da OFOE.
  - Traslado con reserva de posto á Universidade de Alacante de M<sup>a</sup> Angeles Villaplana Soler.
  - Ceses realizados polo empresa.
  - Solicitud de 4 Técnicos de Laboratorio realizada polo decano da Facultade de Belas Artes.
  - Relación e criterios para solicitar cambio de quenda ou localidade
  - Dispoñibilidade horaria para os auxiliares técnicos de actividades deportivas.
  - Reunión mantida co xefe de RR HH o 18 de agosto no que trataron os seguintes asuntos:
    - Constitución do CI e o acordado no seu regulamento de funcionamento
    - Oposicións pendentes de convocatoria
    - Procesos de transformación das prazas declaradas a extinguir.
    - Provisión de postos do servizo informáticos.

3. Victoria Alonso e Luis Pérez dan conta do que se tratou na reunión da Comisión de Acción Social celebrada o pasado 17 de xuño. Nesta reunión acordouse outorgar o CI un membro máis. Luis informa do seu desacordo pola non aplicación dos novos criterios (reparto de acordo coa renda familiar).  
Acordouse enviar un escrito á xerencia solicitando convocar dúas reunións por separado: unha para o PDI e outra para o PAS.
4. Acordase a elaboración e composición dos seguintes grupos de traballo:
 

Retribucións	(Cándido, Manuel, Zapiraín)
Emprego e contratación	(Carmen, Rodrigo, Zapiraín)
RPT 2003/04	(Cándido, Manuel, Mollinedo, Rodrigo)
Procesos Selectivos	(Juanjo, Rodrigo, Cándido, Manuel)
Acción Social	(Victoria, Luis Pérez)
Formación	(Aser, Antón)
5. Acórdase solicitar unha reunión co xerente para falar, cando menos dos seguintes temas que teñen con retribucións: Acordo MAP / sindicatos e a súa repercusión na nómina do persoal laboral, complementos de posto e homologación PAS-F e PAS-L, outros complementos e, por último, paga de produtividade do ano 2003.
6. Este tema tamén será tratado na reunión co xerente. Proponse facer un escrito dirixido a xerencia solicitando que se convoquen canto antes as oposicións pendentes.
7. Analízase o tema e conclúese que hai falta de previsión por parte da empresa no tema do transporte. O pleno solicita que este tema se trate de forma xeral tendo en conta a tódolos/as traballadores e traballadoras e non só o persoal que traballa no Rectorado. Acórdase solicitar datos á xerencia sobre este asunto.
8. Acordase, tras facer un repaso a algunhas das prazas pendentes de encadrar na RPT, constituír unha comisión para elaborar a proposta do CI.
9. Tras discutir sobre este tema, acórdase solicitar datos á xerencia para coñecer a cantos traballadores/as afecta este problema.
10. Coméntanse distintas situacións que recentemente afectaron ou van a afectar a persoal laboral. Detéctase descoñecemento e incoherencia por parte da xerencia neste asunto. O único documento oficial onde se fala dos ámbitos é na RPT do 2000 e os circunscribe ós servizos xerais. O persoal da biblioteca está adscrito á biblioteca central de campus ou ás salas de lecturas dos centros.
11. Acórdase solicitar o informe feito pola mútua. Aser volve a lembrar o informe enviado ó Comité de Empresa de Pontevedra sobre os problemas existentes co sistema de aireación na Biblioteca de Torrecedeira.



12. Chus Losada pregunta polo horario dos técnicos especialistas de biblioteca de tarde. Rodrigo pregunta se os/as traballadores/as fixo/as poden realizar traballos noutras administracións.

**Acordos:**

- Constituír os grupos de traballo (ver punto catro)
- Solicitar unha reunión co xerente para falar, cando menos de retribucións e procesos selectivos pendente.
- Solicitar información á xerencia sobre o transporte do persoal.
- Solicitar á xerencia datos sobre cantos traballadores/as despois das transformacións foron contratados/as en categorías a extinguir.
- Solicitar o informe feito pola mutua sobre as condicións ambientais da biblioteca de Torrecedeira.
- Solicitar que a Comisión de Acción Social convoque por separado o PAS e o PDI.

Fdo: Manuel Velasco Graña  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)